



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 15 DE OUTUBRO DO 2020.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b> D<sup>a</sup>. María José Sampedro Fernández (Alcaldesa en funcións)</p> <p><b>Membros que asisten:</b> D<sup>a</sup>. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D<sup>a</sup>. Ana Isabel Barreiro Rego D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos D<sup>a</sup>. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p><b>Interventor acctal.:</b> D. Jorge González Mariño</p> <p><b>Secretario xeral:</b> D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p><b>Membros que non asisten:</b> D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as nove horas e trinta minutos do día quince de outubro do dous mil vinte, reúnenos os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**

Foi aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada na data 08/10/2020.

**II.- CONTRATACIÓN.**

**1.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE PÉRGOLA PARA APEADOIRO DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES NA AVENIDA DO MALECÓN (RIBEIRA).**

*Expediente: 2020/C\_ OB000016*

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de **PÉRGOLA PARA APEADOIRO DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES NA AVENIDA DO MALECÓN (RIBEIRA)**, cun





orçamento total de licitación de 298.123,00 euros (orçamento base: 246.382,64 euros; IVE 21%: 51.740,36 euros), e cun prazo de execución de 9 meses. (Valor estimado do contrato: 246.382,64 euros).

O proxecto técnico redactado polos arquitectos Ismael Ameneiros Rodríguez e Santiago Rey Conde (Ameneirosrey/HH arquitectos) de data abril/2020, foi aprobado por decreto da alcaldía número 202005/144 de data 26/05/2020.

O expediente de contratación, por procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) e tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas e o correspondente gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.60920, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión de data 28/05/2020.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito á oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romay, na data 08/07/2020, consta que a esta contratación foron presentadas de forma completa, a través do Sistema de Licitación Electrónico da Xunta de Galicia (SILEX), as ofertas dos seguintes licitadores:

1. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
2. UTE entre CANARGA, S.L. e ABECONSA, S.L.U.

A apertura dos arquivos en soporte dixital (sobres A de documentación administrativa), presentados polos licitadores cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, a través do Sistema de Licitación Electrónico da Xunta de Galicia (SILEX) e que conteñen a documentación administrativa esixida na cláusula 12.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares, realizouse na data 16/07/2020, acordando a Mesa de Contratación declarar admitidas a esta licitación ás dúas empresas presentadas por considerar correcta a documentación aportada por cada unha delas.

A apertura dos arquivos en soporte dixital (sobres B) que conteñen as ofertas técnicas, realizouse pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 18/08/2020, na que, despois dunha sucinta lectura da documentación aportada por cada un dos licitadores presentados, a Mesa de Contratación acordou dar traslado de dita documentación ós servizos técnicos pertinentes para que emitisen o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración avaliábeis mediante xuízos de valor indicados na cláusula 12.2 e no anexo V do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.

Con data 07/10/2020 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 18/08/2020, co detalle de proposta de puntuación que se recolle nas fichas individualizadas de cada oferta valorada.

Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 13/10/2020, acordou outorgar as puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres B de criterios non avaliábeis de forma automática (referencias técnicas):

EMPRESA	PUNTUACIÓN "REFERENCIAS TÉCNICAS"	PUNTUACIÓN TOTAL
---------	-----------------------------------	------------------





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

		A) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE		B) PROGRAMA DE TRABALLO		C) ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL		D) ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE			
		Puntos (de 0 a 9 pts)	Porcent axe (ata 100%)	Puntos (de 0 a 20 pts)	Porcent axe (ata 100%)	Puntos (de 0 a 9 pts)	Porcent axe (ata 100%)	Puntos (de 0 a 10 pts)	Porcent axe (ata 100%)	Puntos (de 0 a 48 pts)	Porcent axe (ata 100%)
1	UTE entre CANARGA, S.L. e ABECONSA, S.L.U.	8,50	94,44%	19,50	97,50%	8,50	94,44%	8,50	85,00%	<b>45,00</b>	93,75%
2	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S, S.A.	4,00	44,44%	11,00	55,00%	7,00	77,78%	6,50	65,00%	<b>28,50</b>	59,38%

Acto seguido, e xa en acto público, a Mesa de Contratación fixo público o resultado anteriormente detallado, procedendo a continuación á apertura dos sobres "C" de criterios avaliados automaticamente (oferta económica) e a súa valoración, dando o resultado seguinte:

Licitador	Prezo ofertado sen IVE	IVE 21%	Prezo total ofertado IVE. incluído	Puntuación
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	220.512,47 €	46.307,62 €	266.820,09 €	<b>24,50</b>
UTE entre CANARGA, S.L. e ABECONSA, S.L.U.	235.295,04 €	49.411,96 €	284.707,00 €	<b>10,50</b>

Tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 13/10/2020.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO.-** De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de PÉRGOLA PARA APEADOIRO DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES NA AVENIDA DO MALECÓN (RIBEIRA), do seguinte xeito:**

Orde	LICITADORES	Puntuación sobres B	Puntuación sobres C	TOTAL FINAL
1º	UTE entre CANARGA, S.L. e ABECONSA, S.L.U.	45,00	10,50	<b>55,50</b>
2º	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	28,50	24,50	<b>53,00</b>

**SEGUNDO.-** De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **requirir á UTE entre CANARGA, S.L. e ABECONSA, S.L.U., que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente, de forma telemática, a través do Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Ribeira a documentación que se indica na**





**cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

**2.- DEVOLUCIÓN DAS FIANZAS DEPOSITADAS POLA EMPRESA “ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DA ILUMINACIÓN FESTIVA DO CONCELLO DE RIBEIRA.**

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar a subministración da ILUMINACIÓN FESTIVA DO CONCELLO DE RIBEIRA.

A adxudicación realizouse por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 15/12/2016, a favor da empresa “Iluminaciones Artísticas Salnés, S.L.” (NIF número B 94121217).

O correspondente contrato formalizouse en documento administrativo na data 15/12/2016 para unha duración de dous (2) anos contados a partir da data da sinatura do mesmo e foi prorrogado polo período de un ano mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 16/05/2018.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou dúas garantías en metálico (por importe de 3.429,75 euros cada unha delas, segundo Cartas de Pago expedidas polo Departamento de Contabilidade do Concello das datas 08/12/2016 e 13/12/2016 respectivamente.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre as garantías depositadas.

Vistos os informes emitidos polo programador de exposicións e xestor cultural municipal Unai González Suárez, como responsable do contrato, da data 22/09/2020, e polo interventor en funcións Jorge González Mariño, da data 14/10/2020, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución das garantías definitivas depositadas pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta o seguinte acordo:**

**A cancelación e devolución das dúas garantías (por importe de 3.429,75 euros cada unha) constituídas por “Iluminaciones Artísticas Salnés, S.L.” (NIF número B 94121217) para responder da execución do contrato da subministración da ILUMINACIÓN FESTIVA DO CONCELLO DE RIBEIRA.**





### III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

No se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

### IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

#### RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A CAMBIOS DE TITULARIDADE E BAIXAS DE OCUPACIÓN POLAS QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES.

**FINALIDADE DA LICENZA DE VENDA AMBULANTE:** Ocupación temporal no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

**CLASIFICACIÓN DO SOLO:** Solo Urbano Ordenanza 9.1 Sistema Xeral Portuario.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** Vistas as solicitudes presentadas polos interesados/as coa respectiva documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017, para exercer a venda ambulante nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** A Parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **URBANO CON ORDENANZA 9.1 SISTEMA XERAL PORTUARIO.**

#### ORDENANZA 9.1.- Desarrollo

La ordenanza correspondiente debe ajustarse a lo indicado en la Ley 27/1992, es decir, que debe establecer que el sistema general portuario se desenvuelve mediante un Plan Especial o instrumento equivalente, a formular por la Administración Portuaria, y que se instrumentará en la forma establecida en la citada Ley de Puertos. Asimismo, debe establecer que los usos, actividades, instalaciones, construcciones, etc. permitidas en las instalaciones portuarias serán acordes con usos portuarios y con fines propios de la Administración Portuaria.

#### ORDENANZA TRANSITORIA 9.2-

En ausencia de los correspondientes planes especiales que desarrollan el sistema general portuario, y hasta tanto no se redacten y entren en vigor, se estima conveniente el que se introduzca en el Plan Xeral, una normativa transitoria que se entiende, debe tener un carácter muy general, dada la peculiaridad de los puertos como soporte de un conjunto de actividades comerciales, industriales, de ocio y recreo, etc., en un proceso de permanente evolución como consecuencia de estar sometidas a una serie de complejos factores exteriores, la mayoría coyunturales, que por su dificultad, y en algunos casos, imposibilidad



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20200569301
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 19/10/2020	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/10/2020	Fecha: 19/10/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/10/2020 14:51:28		Hora: 14:46





de predicción, exigen una normativa con la suficiente flexibilidad para permitir una rápida adaptación a las circunstancias de cada momento.

De esta forma también se evitará que determinadas obras en los Puertos puedan sufrir considerables retrasos e incluso paralizaciones, lo cual afectaría gravemente a la operatividad y desarrollo de los mismos, perjudicando notablemente su actividad, con los consiguientes perjuicios para los usuarios y, en general, para todo el Ayuntamiento, por la especial repercusión de la actividad portuaria en su economía.

Por lo tanto, el contenido de esta normativa será el siguiente:

Gestión y tutela de las zonas de servicio (sistema general portuario): cualquier actuación en su suelo, de carácter urbano, portuario, deberá contar con la previa concesión o autorización, según sea el caso, de los Organismos Portuarios competentes.

Usos permitidos: los indicados en la vigente Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante.

Usos prohibidos: los también indicados en la vigente Ley anterior.

Alturas: la altura máxima de las edificaciones (de coronación) será de 12 metros exceptuándose de esta delimitación aquellas instalaciones singulares destinadas al servicio del puerto, tales como depósitos, silos, frío, torretas de alumbrado y balizamiento, etc.

Normas estéticas: las edificaciones deberán integrarse estéticamente en el conjunto del puerto, sin provocar roturas con el contorno, por diseño, color, remates, etc., debiéndose cumplir la normativa dictada por la Dirección General del Patrimonio de la Xunta de Galicia en la zona donde sea de aplicación.

**SEGUNDO.-** O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

**TERCEIRO.-** O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente constan as solicitudes presentadas polos interesados coa documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.



FIRMANTE - FECHA





Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

**CUARTO.-** O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, esixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirlle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

**QUINTO.-** O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

**SEXTO.-** O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

**SÉTIMO.-** Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).





Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.

c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

d) Orzamento de execución material.

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**OITAVO.-** Real Decreto 199/2010 de 26 de febreiro polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou no sedentaria.

**NOVENO.-** Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia en relación co Decreto 144/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único da regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

**DÉCIMO.-** O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.

**DÉCIMO SEGUNDO.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de







conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1de xullo de 2015.

Vistas as solicitudes presentadas polos interesados/as coa documentación esixida no Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Concello de Riveira na data 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P. na data 22 de xullo de 2016, para exercer a venda ambulante nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 14/10/2020, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- A APROBACIÓN DA SEGUINTE RELACIÓN DE SOLICITUDES ÁS QUE SE LLES CONCEDE CAMBIOS DE TITULARIDADE, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DE OCUPACIÓN POLAS QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES (EXERCICIO 2020 – 2ºT)** nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello de Riveira.

Plantas a Lagoa S.L. con N.I.F. B 94. 061.744, titular do posto 15-16 do mercadillo de Ribeira cunha ocupación de 12 mts, solicita o día 11/03/2020 con rexistro de entrada 3656, o posto número 17, pasando a ter unha ocupación de 18 metros..

15-16	PLANTAS A LAGOA S.L.	B94061744	18	PLANTAS E FLORES
-------	----------------------	-----------	----	------------------

**Cambio (baixa) a efecto do segundo trimestre do exercicio 2020**

Gustavo Iglesias Maneiro con D.N.I. 76.970.586 M, titular do posto 049-050 do mercadillo de Ribeira cunha ocupación de 11 mts, solicita o día 15/06/2020 con rexistro de entrada 6148, a baixa do seu posto.

049-050	IGLESIAS MANEIRO GUSTAVO ADOLFO	76970586M	11	PLANTAS E FLORES
---------	---------------------------------	-----------	----	------------------

**Cambio (baixa) a efecto do terceiro trimestre do exercicio 2020**

Fernando Barreiro Lopez con D.N.I. 76.506.244 X, titular do posto 94 do mercadillo de Ribeira cunha ocupación de 2 mts, solicita o día 03/08/2020 con rexistro de entrada 61489367, a baixa do seu posto.

094	BARREIRO LOPEZ FERNANDO	76506244X	2	ALIMENTACION
-----	-------------------------	-----------	---	--------------

**Cambio de titularidade a efecto do terceiro trimestre do exercicio 2020**

Hafid El Fakkak con D.N.I. Y 2.309.021 I, titular do posto 159 do mercadillo de Ribeira cunha ocupación de 3 mts, solicita o día 18/08/2020 con rexistro de entrada 10145, o cambio de titularidade a favor de Tania Ferreruela Jimenez con D.N.I. 46.670.103 Q

159	FERRERUELA JIMENEZ TANIA	46670103Q	3	CALZADO - CONFECCION
-----	--------------------------	-----------	---	----------------------

De Fátima Dos santos Conceicao con D.N.I. 54.225.387 N, titular do posto 170 do mercadillo de Ribeira cunha ocupación de 6 mts, solicita o día 31/08/2020 con rexistro de entrada 10651, o cambio de titularidade a favor de Micaela Dos Santos de la Concepción con D.N.I. 52.458.500 P.

170	DOS SANTOS CONCEPCION MICAELA	52458500P	6	CALZADO – CONFECCION
-----	-------------------------------	-----------	---	----------------------

María Blanca Ferreruela Salazar con D.N.I. 46.097.215 V, titular do posto 273 do mercadillo de Ribeira cunha ocupación de 6 mts, solicita o día 01/10/2020 con rexistro de entrada 12675, o cambio de titularidade a favor de maria del Carmen Jimenez Gonzalez con D.N.I. 71.023.011 T.





273	JIMENEZ GONZALEZ M <sup>a</sup> DEL CARMEN	71023011T	6	CALZADO – CONFECCION
-----	--	-----------	---	----------------------

**SEGUNDO.- A autorización municipal constitúe o título habilitante para o exercicio 2020, e ampara así a venda ambulante que se ven realizando dende o 1 de xaneiro do exercicio 2017 no mercado periódico que se ven celebrando os sábados na zona Portuaria do Concello ata o 31 de decembro de 2020.**

A renovación da autorización realizarase no 1º trimestre natural cada ano. O concello de Riveira poderá comprobar o estado das condicións que motivaron a adxudicación en calquera momento da vixencia da mesma. Cada ano renovarase o carné de vendedor ambulante, entre o 20 de xaneiro e o 20 de febreiro, esixindo en cada caso a documentación oportuna. **Anualmente terán que acreditar estar de alta na seguridade social, ter subscrito o seguro de responsabilidade civil, non ter débedas pendentes e aboar as taxas municipais correspondentes.**

**TERCEIRO.-** Durante a execución da venda ambulante non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**CUARTO.-** Durante a execución da venda ambulante adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe na actividade o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da actividade autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**QUINTO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da actividade aprecianse desviacións na execución da actividade respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da actividade, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**SÉTIMO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*





- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

### 1.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO E PRESTAR CONFORMIDADE AO INICIO DE ACTIVIDADE - ÁLVARO MUÑIZ VENTOSO.

*FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: Comercio polo miúdo de textil e complementos, (epígrafe IAE 651.2).*

*CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.*

*SITUACIÓN: Rúa de Galicia nº 27, Baixo, Ribeira.*

*PROMOTOR/A: Sr. Álvaro Muñiz Ventoso, (DNI 53.483.817-P).*

*AUTOR/A PROXECTO: Sr. Roberto Ozores Nine, (enxeñeiro técnico industrial col. nº 2.084).*

*PROXECTO: Proxecto de maio de 2017 / Anexo ao Proxecto de xuño de 2020 / Certificado Fin de Obra.*

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** Vista a solicitude e documentación presentada pola Sr. Álvaro Muñiz Ventoso, (DNI 53.483.817-P), para exercer a actividade de comercio polo miúdo de textil e complementos, (epígrafe IAE 651.2), en instalacións sitas na Rúa de Galicia Rivera nº 27, Baixo, Riveira, nos termos do Proxecto de maio de 2017 así como do Anexo ao Proxecto de xuño de 2020 redactado polo Sr. Roberto ozores Nine, (enxeñeiro técnico industrial col. nº 2.084).

**SEGUNDO.-** Vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 17 de xuño de 2020 emitida polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

**TERCEIRO.-** Vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 10 de outubro de 2020 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa ambiental de aplicación.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** De conformidade co artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, serán transmisibles, previa comunicación á Entidade Local, as licenzas outorgadas sen consideración ás calidades do suxeito beneficiario. Noutro caso, estarase ao disposto na súa normativa específica e, na súa falta, ao que se prevexa no acto de outorgamento.



#### FIRMANTE - FECHA





**SEGUNDO.-** O Concello non concede o cambio de titularidade, senón que se limita a darse por decatado da comunicación feita polo cedente e o cesionario do título urbanístico, único requisito esixido polo artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Neste sentido, a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª) de 7 febreiro 2000 declara no seu Fundamento Xurídico 2º:

*«Pola contra debe entenderse que agarraches a razón ao recorrente na súa invocación dos artigos 13.1 e 15.1 do Regulamento de Servizos, pois a declaración da Sentenza segundo a cal prevalece sobre devanditos preceptos o mandato do Plan Xeral de Ordenación Urbana non pode entenderse conforme a Dereito. En efecto, a interpretación que debe darse ao tenor literal da redacción dos citados preceptos é que se ten dereito a obter a transmisión da licenza por simple cambio de titularidade, o que desde logo é cousa distinta da esixencia de que se solicite una licenza ou autorización completamente nova».*

Do mesmo xeito, a Sentenza do Tribunal Supremo de 29 de setembro de 1986 afirma:

*«As licenzas de urbanismo, por non concedidas en atención ás circunstancias persoais de quen a solicita, son totalmente transmisibles, sen máis requisitos que o de comunicar ao Concello a transmisión, sen necesidade de solicitar a autorización do mesmo, aínda que o non facelo non produce outra consecuencia que a de que subsisten no transmitente de modo conxunto co debido novo titular as responsabilidades que lle foren exixibles segundo o artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais».*

Por tanto a licenza ou autorización é obxectiva con independencia da súa titularidade.

En definitiva, o cambio de titularidade dunha licenza ou autorización urbanística non require ningún requisito específico, senón soamente, a tenor do artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que o antigo e novo construtor, empresario ou titular da licenza deben comunicalo por escrito á Corporación, onde conste de forma indubitada a intención de transmitir a licenza e a autorización do antigo titular ao cambio de titularidade.

**CUARTO.-** Se se produce a transmisión da (*licencia/comunicación previa*) urbanística sen efectuar a oportuna comunicación, o anterior e o novo titular serán responsables solidarios dos danos que poidan derivarse da súa actuación, a tenor do disposto no artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

**QUINTO.-** O procedemento para levar a cabo o cambio de titularidade de a (*licencia/comunicación previa*) urbanística é o seguinte:

**A.** Cando se transmita una licenza ou autorización urbanística, será preciso que o interesado dirixa por escrito comunicación da mesma ao Concello.

**B.** Os Servizos Técnicos Municipais comprobarán que se manteñen os requisitos esixidos para a concesión do título urbanístico, e comprobarán se a (*licencia/comunicación previa*) obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais do solicitante ou se o número das otorgables era limitado. (*O informe dos Técnicos Municipais versará sobre se houbo cambios en canto ás características do uso, aproveitamento, transformación, segregación e edificación do solo, subsolo e voo, e indicarán se a licenza ou autorización obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais do solicitante ou se o número das otorgables era limitado*).

**C.** Resolverase o expediente coa toma de coñecemento polo Concello do cambio de titularidade da licenza urbanística e a correspondente rectificación dos rexistros municipais.

**D.** Procederase a notificar a Resolución aos interesados.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a





necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 17 de xuño de 2020 emitida polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación, vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 10 de outubro de 2020 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga tras xirar a pertinente visita de comprobación e da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 14/10/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e prestar conformidade ao inicio da actividade de comercio polo miúdo de textil e complementos, (epígrafe IAE 651.2), solicitada polo promotor Sr. Álvaro Muñiz Ventoso, en instalacións sitas na Rúa de Galicia Rivera nº 27, Baixo, Riveira, nos termos do Proxecto de maio de 2017 así como do Anexo ao Proxecto de xuño de 2020 e do Certificado Fin de Obra redactado polo Sr. Roberto ozores Nine, (enxeñeiro técnico industrial col. nº 2.084).

**SEGUNDO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**TERCEIRO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**CUARTO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.





## 2.- RESOLUCIÓN RELATIVA A CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA MANIPULACIÓN, CONSERVACIÓN E ALMACENAXE DE PEIXE.

PROMOTOR: FRIGORÍFICOS DOCAMPO SA.

LOCALIZACIÓN: PORTO DE AGUIÑO S/N, AGUIÑO.

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA MANIPULACIÓN, CONSERVACIÓN E ALMACENAXE DE PEIXE**, no lugar de **PORTO DE AGUIÑO S/N, AGUIÑO**, e tendo en conta os seguintes,

### I

#### ANTECEDENTES DE FEITO:

Escrito de data 15 de setembro de 2020 (rex entrada 202011561) presentado por D. Valentín Muñiz Pérez, DNI nº 52.935.251-S, en nome e representación da entidade Frigoríficos Docampo SA no que insta se informe favorablemente o cambio de titularidade a favor da súa representada para exercer a actividade de manipulación, conxelación e almacenamento de pescado na nave do Porto Pesqueiro de Aguiño, S/N, que ocupa en virtude de concesión administrativa concedida por Portos de Galicia, sendo a anterior titular a mercantil Pescados Juan Fernández SL, extinguida por concurso de acreedores concluso.

### II

#### LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Reglamenteo único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos aprobado por Decreto 144/2016, de 22 de setembro. Art. 20
- LEY 9/2013, de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia.
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Art. 69
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Art. 21.1.q
- Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Arts. 40-41

### III

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

**Primeira:**-Debemos partir da consideración Legal da licenza de apertura.

Considérase a esta modalidade de licenza como aquela declaración de vontade Municipal, concretada no acto administrativo regulado de outorgamento, polo que se removen os obstáculos que en cada caso limitan o dereito dos cidadáns á liberdade de creación de Empresa, previa adveración da Legalidade de tal actuación a través dun procedemento no que se valoran todas as circunstancias concorrentes, polo que calquera restrición ao preexistente dereito esixirá a constatación por parte da Administración de razóns excepcionais que aconsellen a súa limitación.

Ten o instituto xurídico de licenza administrativa de apertura especial incidencia no efectivo exercicio da liberdade de empresa, en canto queda sometida toda actividade mercantil e industrial ao seu control preventivo na procura permanente do equilibrio entre o lucro privado e as esixencias derivadas do interese xeral. Motivo máis para que esta intervención



#### FIRMANTE - FECHA





necesaria se xustifique plenamente naquelas actividades legalmente clasificadas que poidan producir incomodidades, alteren as condicións normais de salubridade e hixiene do medio ambiente e ocasionen danos á riqueza pública ou privada, ou impliquen riscos graves para a seguridade das persoas ou bens, protexido constitucionalmente como está no artigo 45 «o dereito de todos a gozar dun medio ambiente axeitado», así como o correlativo deber xeral de velar polo mesmo que asumen todos os poderes públicos

EncadRAR, por tanto, a licenza de apertura como variedade das chamadas «autorizacións de funcionamento», significa que aquela non esgota todos os seus efectos xurídicos no acto en si de outorgamento, senón que orixina una relación continua do Promotor coa Administración, prolongada en sucesivas revisións que sexan conformes á primeira apreciación.

Neste sentido a Sentenza **do Tribunal Supremo de 12 de novembro de 1992**, que afirma que «*é reiterada a Xurisprudencia deste Tribunal que afirma que as licenzas reguladas no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, constitúen un suposto típico das denominadas autorizacións de funcionamento que, en canto talles, non establecen una relación momentánea entre Administración autorizante e suxeito autorizado, senón que xeran un vínculo permanente encamiñado a que a Administración protexa adecuadamente en todo momento o interese público asegurándoo fronte ás posibles continxencias que poidan aparecer no futuro exercicio da actividade*». En igual sentido existe abundante Xurisprudencia, como a **Sentenza do Tribunal Supremo de 8 de outubro de 1988** (Arz. 7455) conforme á cal «*as licenzas reguladas neste Regulamento (RAM) constitúen un suposto típico de autorización de funcionamento; despois de que autorizan o desenvolvemento dunha actividade ao longo do tempo xeran una relación permanente coa Administración, que en todo momento poderá acordar o preciso para que a actividade se axuste ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de licenzas*».

Así pois no caso que nos ocupa as actividades, como xa indicamos, ten licenza de apertura pero deberán cumprir, a data de hoxe, todas as esixencias Legais que sexan de aplicación.

O Concello, con motivo da comunicación do cambio de titular ou con ocasión dos seus deberes de inspección, pode realizar as inspeccións que estime oportuno e pode requirirse ao titular para que axuste toda a actividade ás esixencias Legais que dimanen da Lexislación e Ordenanzas hoxe vixentes.

En definitiva, as licenzas de actividades clasificadas non poden considerarse definitivas no máis amplo sentido da palabra. Una vez en funcionamento o Concello debe vixiar o cumprimento das condicións e esixencias Legais e se non hai máis remedio pode chegar a revogar a licenza. Neste sentido a Sentenza **do Tribunal Superior de Xustiza Andalucía de 20 de febreiro de 1995**: O vínculo permanente das licenzas de apertura en canto autorizacións de funcionamento, faculta ao Concello a esixir nos supostos de petición de reapertura de actividade, as medidas correctoras necesarias para salvar deficiencias e que veñen esixidas por disposicións posteriores á data de concesión da licenza inicial.

Con motivo da inspección efectuada ao establecemento en cuestión, os técnicos Municipais deberán comprobar o cumprimento ou non da normativa reguladora da actividade de que se trate e se se observan deficiencias na mesma. No caso de que se observen deficiencias, notificaranse ao prestador para a súa emenda, continuándose o trámite ata que leven a cabo as mesmas, ou ben determinar a imposibilidade de continuar no exercicio da actividade, ordenando o cesamento da mesma.





Con todo, á vez que debe esixirse o fiel cumprimento das condicións de funcionamento da actividade en cuestión, debe esixirse á Administración actuante o respecto ás garantías do procedemento. A actuación Municipal debe estar presidida polos principios informadores de todo expediente administrativo: contradición, motivación, audiencia e non indefensión do interesado.

Neste sentido se a Corporación considerase que se están incumprindo as condicións da licenza de apertura, debe de indicar ao interesado as deficiencias observadas e outorgarlle un prazo de emenda, o axeitado ás circunstancias concorrentes, sen poder suspender a actividade sen comprobar previamente o incumprimento da orde de emenda.

Respecto ao resto de medidas correctoras que proceda esixir as mesmas deben ter un fundamento Legal, é dicir a esixencia das mesmas debe estar Legalmente prevista, debendo ser a acta de inspección a que determine o cumprimento da normativa aplicable ou non e se se observan deficiencias requirir ao titular para que as emende se iso é posible.

O que non pode admitirse en dereito é que, ante unha situación aparentemente irregular, reaccionese sen respectar as mínimas garantías, provocando na práctica un peche indefinido dun local ao non indicarse as deficiencias a corrixir nin posibilitar a súa emenda, coa consecuente inseguridade xurídica e indefensión do presunto infractor.

En tal sentido debe ser a acta de inspección a que determine as diversas anomalías apreciadas e requírase polo Concello a emenda ao titular da actividade outorgándose o prazo para a súa corrección, transcorrido o cal se comprobará se se corrixiron as posibles irregularidades. Será nese momento no que se inicie, no seu caso, o procedemento correspondente para clausurar a actividade e a suspensión da licenza de apertura, no seu caso

**Segunda:-** Polo que respecta ó expediente en cuestión cumpre dicir que o cambio de titularidade da actividade ou do establecemento será comunicado por escrito pola nova persoa titular ao concello ante o que se presentou a comunicación previa ao comenzo da actividade ou á apertura do establecemento, aspecto este cumprido a través de escrito de data 15 de setembro de 2020 (rex entrada 202011561) presentado por D. Valentín Muñiz Pérez, DNI nº 52.935.251-S, en nome e representación da entidade Frigoríficos Docampo SA

**Terceira:-** Na comunicación do cambio de titularidade bastará incluír os datos identificativos da nova persoa titular, acompañados da referencia do título habilitante inicial e, no seu caso, dos que se tramitaron para posteriores cambios de titularidade ou modificacións da actividade ou do establecemento, aspectos todos que se contemplan no expediente de referencia..

**Cuarta:-** A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos aos que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento no que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data na que leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo. No caso de que a nova persoa titular non presente dita comunicación, a anterior persoa titular eximirase de toda responsabilidade se acredita ante a Administración o cambio de titularidade por calquera medio admisible en dereito.

#### IV RESOLUCIÓN

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, **A XUNTA DE**



**FIRMANTE - FECHA**







**GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:-INFORMAR FAVORABLEMENTE** a favor da entidade **Frigoríficos Docampo, S.A.** (representada por D. Valentín Muñiz Pérez, DNI nº 52.935.251-S) o cambio de titularidade para exercer a actividade de manipulación, conxelación e almacenamento de peixe na nave do Porto Pesqueiro de Aguiño, S/N, que ocupa en virtude de concesión administrativa concedida por Portos de Galicia, sendo a anterior titular a mercantil Pescados Juan Fernández SL, extinguida por concurso de acreedores concluído.

**Segundo:-Notificar** o presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

**Terceiro:-Comunicar** o presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

#### VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

**VISTA** a solicitude presentada por **Mª Eugenia Vidal Doval e Alfonso Hugo García Brión**, de data 11/08/2020 (Rexistro de entrada nº 9.808) no que achega Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 7 de agosto de 2020 redactado polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169), así como Oficio de Dirección de Obra e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid de fecha 7 de agosto de 2020, para engadir a expediente de licenza de obra nº 13/20.

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico municipal de data 6 de outubro de 2020, do técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo de 6 de outubro de 2020 e do secretario xeral da Corporación de data 7 de outubro de 2020, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 13/20**, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 30 de abril de 2020 a Sra. Mª Eugenia Vidal Doval e ao Sr. Alfonso Hugo García Brión, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 7 de agosto de 2020 redactado polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169), así como ao Oficio de Dirección de Obra Oficio e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid de fecha 7 de agosto de 2020.



**FIRMANTE - FECHA**





**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación do presente acordo.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), acompañada da seguinte documentación:

### VII.- INFORMACIÓN URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por Sofia Santos Perez en representación de **Camping Coroso, S.L.**, de data 02/10/2020 (Rexistro de entrada nº 12.774), no que solicita certificación de que as obras de mellora enerxética e capacidade na instalación eléctrica e ampliación da iluminación de emerxencia do Camping Coroso, presentadas mediante comunicación previa, non precisan licenza de obras.

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 07/10/2020, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. Catastral: 001802300NH01C0001XM  
Categoría solo: Rústico – Servidume de Costas  
Situación: Lugar de Saiñas, 42 (Palmeira)

Preséntase solicitude comunicación de obra menor para realizar obras de “MELLORA ENERXÉTICA E CAPACIDADE DA INSTALACIÓN ELECTRICA E AMPLIACIÓN DA ILUMINACION DE EMERXENCIA” nunha edificación situada en Lugar de Saiñas, 42, Palmeira.

#### Achégase:

- Ficha catastral
- Orzamento

#### Análise:

O acto que se comunica está suxeito a comunicación previa porque conforme á normativa xeral da edificación non precisa proxecto según o especificado no Art. 360 do Decreto 143/2006, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Según a documentación presentada a parcela se encontra en solo clasificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente según acordo plenario da Corporación de 17/12/02 como RÚSTICO.



#### FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 19/10/2020  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/10/2020  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/10/2020 14:51:28





Obxecto do informe:

O obxecto do informe é verificar que as actuacións solicitadas non precisan licenza de obras.

Conclusión:

Infórmase que, examinado o contido da documentación técnica aportada, as actuacións solicitadas non precisan licenza de obras.

**VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XI.- VAOS PERMANENTES.**

Visto o escrito presentado por Lisardo Núñez Pardo de Vera en representación de **María Elena Vidal Vila**, de data 19/08/2020 (Rexistro de entrada nº 10.175), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado na Avenida da Coruña, nº 181 (Ribeira).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 22/08/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Conceder a María Elena Vidal Vila** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmoble situado na Avenida da Coruña, nº 181 (Ribeira), con reforzo de pintado de liña amarela (3,00 m.), según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*





## XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Visto o informe presentado pola **Policía Local**, de data 07/10/2020, relativo á necesidade de instalación dun paso de peóns (sinalización vertical e horizontal) na vía transversal que discorre paralela á fachada Sur da Casa Consistorial, preto do cruce coa Rúa Alcalde Fernández Bermúdez (Ribeira), realizado a instancia do Concelleiro Delegado de Benestar de Seguridade e Mobilidade Cidadá, dando traslado da petición do Concelleiro-Voceiro do Grupo Municipal Socialista.

**A Xunta de Goberno Local**, de conformidade co sinalado no citado informe policial, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Autorizar** a instalación do paso de peóns solicitado (sinalización vertical e horizontal), situándoo fronte a porta de atrás da Casa Consistorial, na saída da Oficina de Atención Cidadá, según o sinalado no citado informe policial.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

**A Alcaldesa en funcións**  
**María José Sampedro Fernández**

**Dou fe, o secretario xeral**  
**Juan Manuel Salguero del Valle**



**FIRMANTE - FECHA**

